

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 09.11.2018


Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 9 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único: Preguntas**

- 1.1 33112 (10/POC-005184)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón  
Sobre as razóns da demora no traslado ao Comité de Acoso Laboral de toda a información solicitada en relación coa demanda de dous axentes medioambientais adscritos ao distrito forestal XIX de Pontevedra  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 335, do 11.07.2018*
- 1.2 38532 (10/POC-006056)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún estudo en relación coa viabilidade do establecemento dun sistema de matadoiriños móbiles e salas de despezamento que permita modificar a situación do sector ovino e cabrún ao respecto ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar para evitar a incidencia da normativa actual no sector, á hora do sacrificio e despezamento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018*
- 1.3 39110 (10/POC-006132)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as razóns do Goberno galego para suspender o Programa de recollida de plástico agrícola, así como a comunicación desta medida aos concellos de xeito oficial  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018*
- 1.4 39223 (10/POC-006151)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis  
Sobre os datos referidos ás axudas concedidas pola Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para proxectos de investimento en actividades non agrícolas



*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018*

- 1.5 39285 (10/POC-006157)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis  
Sobre a situación actual do convenio asinado pola Xunta de Galicia coa empresa encargada da recollida de plásticos agrícolas e as medidas previstas para a súa eliminación no caso de que non se renove ese convenio  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Daniel Vega Pérez  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 05/11/2018 13:37:26**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Secretario

José Manuel Pérez Seco

S

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez

P

Moisés Blanco Paradelo

P

Raúl Fernández Fernández

S

Carlos Gómez Salgado

P

Jacobo Moreira Ferro

P

Rosa Oubiña Solla

P

Jesús Miguel Prado Patiño

P

José Luis Rivas Cruz

BNG

David Rodríguez Estévez

EM

Antón Sánchez García

EM

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 09.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 09.11.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 33112(10/POC-005184)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da demora no traslado ao Comité de Acoso Laboral de toda a información solicitada en relación coa demanda de dous axentes medioambientais adscritos ao distrito forestal XIX de Pontevedra

*Publicación da iniciativa, 335, 11.07.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7.ª** sobre información que se lle nega ao Comité de Acoso Laboral sobre unha demanda de dous Axentes Medio Ambientais do DF XIX.

A Consellería de Facenda e a Dirección Xeral da Función Pública contan dende hai pouco tempo cun Comité de Acoso laboral ligado o Servizo de Prevención de Riscos laborais da Xunta de Galiza para xestionar as demandas que afecten o seu persoal funcionario e laboral.

En Setembro de 2017 tivo entrada nese Comité unha demanda de dous funcionarios da Escala de Axentes Facultativos Medioambientais da Consellería de Medio Rural adscritos o Distrito Forestal XIX de Pontevedra, por situación de acoso laboral do Xefe dese Distrito.

En varias ocasións os dous funcionarios foron chamados para aportar tódalas probas necesarias, estando sempre presente nos interrogatorios unha representante dos sindicatos.

Dende o mes de Febreiro do presente ano 2018 vense solicitando dende ese comité, información sobre o proceso tendo como resposta nese mes que xa estaba resolto pendente de comunicar. O feito é, que estando no mes de Xullo (9 meses dende o inicio) non houbo resolución, circulando o rumor de que “nalgunhas instancias de Función Pública ou de Medio Rural non estaban de acordo coa mesma por afectar negativamente o Xefe de Distrito”.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/07/2018 09:30  
Nº Rexistro: 33112  
Data envío: 03/07/2018 19:17:35.774



Por todo o exposto anteriormente, e pola indefensión que sofren as persoas demandantes, dende o grupo Parlamentar de En Marea, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.<sup>a</sup>

Cal é o motivo pola que non se traslada toda a información que ten solicitado o comité si xa está resolto tal e como afirman?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 19:15:01**

**Antón Sánchez García na data 03/07/2018 19:15:09**



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 09.11.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 38532(10/POC-006056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún estudo en relación coa viabilidade do establecemento dun sistema de matadoiriños móbiles e salas de despezamento que permita modificar a situación do sector ovino e cabrún ao respecto ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar para evitar a incidencia da normativa actual no sector, á hora do sacrificio e despezamento

*Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/10/2018 16:30  
Nº Rexistro: 38532  
Data envío: 10/10/2018 14:03:56.203

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Galiza conta con 21.709 granxas de ovino-cabrún cunha media de 10 animais por granxa. Delas 76 teñen máis de 250 cabezas.

Estamos a falar pois dun gran número de explotacións de autoconsumo, de entretemento e de gando substitutivo de pasadas granxas de vacún que non tiveron continuidade e que os propietarios son xente de idade avanzada. Estas conviven cun sector profesionalizado, puxante e en pleno desenvolvemento que augura un futuro sostible e de aceptable rendemento económico se as circunstancias non llo impiden.

Gran parte deste gando miúdo aliméntase en extensivo cumprindo unha función de alto valor na actualidade por controlar en amplas zonas a maleza e matogueira do monte sendo un cortalumes de primeira calidade.

A regulamentación en canto ó sacrificio é un dos atrancos que o sector profesional ten hoxendía. O prezo por sacrificio é prohibitivo (entre 10 e 30 euros por animal) ó que hai que engadir o transporte ata o matadoiro, e o despece, envasado ó baleiro e transporte en frío a destino (de ser o caso, en venda directa).

Se o gandeiro non é capaz de repercutir os custes no prezo de venta final, opta pola vía máis rápida (non crotalizar ó non existir obriga antes dos 6 meses e matar na casa e vender ó veciño/a sen garantías sanitarias).

Velaí unha mostra de como unha lexislación que persegue garantías sanitarias para o consumidor se volve en contra de si mesma e produce o efecto contrario, por non se adaptar á realidade.

Existe tamén a posibilidade de vender ó tratante de turno, case sempre a prezos excesivamente baixos pois se non se venden, pásanse de quilos e teñen que quedaren na corte como reprodutores. Os tratantes, que son coñecedores desta realidade presionan conseguindo prezos de gandeiros non profesionais, xubilados ou xente con outra actividade, arredor de 35/40 euros por animal. Carto fácil.

As consecuencias son: competencia desleal cos gandeiros máis profesionais que cumpren a normativa sanitaria, menor volume de canais sacrificados por cauces legais (2/3 partes da produción de ovino e cabrún galegas non pasa por matadoiro ) e polo tanto aínda máis encarecemento do prezo. Os matadoiros prefiren centrarse nas liñas de sacrificio de vacún e porcino.

A medio e longo prazo estas condicións afogan as perspectivas de crecemento do sector e poden apareceren posibles alertas sanitarias se non hai control axeitado da trazabilidade dos animais vendidos sen pasar polo matadoiro.

A produción galega de gando miúdo (ovino e cabrún) rolda os 428.800 kg (kg sacrificados en matadoiros), pero se temos en conta o censo, e sabendo que non existen grandes fluxos de importación nin de exportación de cordeiro e cabrito vivo, a estimación de produción eleva esta cifra ata máis de 1.400.000 kg. Isto implica que dous terzos da produción non pasan polas canles de sacrificio autorizadas.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/10/2018 16:30  
Nº Rexistro: 38532

Data envío: 10/10/2018 14:03:56.203

É unha realidade a situación de indefensión en que se encontra o sector á hora de sacrificio e despece das súas reses cunha normativa legal que incide de xeito moi negativo sobre o prezo final do produto e sobre a marxe de ganancia que deixa ó produtor.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten a Consellería feito algún estudo sobre a viabilidade de matadoiros móbiles e salas de despece e envasado que dea pe a modificar a situación crítica do sector ovino-cabrún a este respecto?

-En caso de non ser así, ten pensado facelo?

-Que medidas pensa adoptar para aliviar-la presión que a normativa actual exerce sobre o sector á hora do sacrificio e despece?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/10/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 38532**  
Data envío: 10/10/2018 14:03:56.203

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2018 14:00:34**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2018 14:00:40**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2018 14:00:42**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2018 14:00:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2018 14:00:46**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2018 14:00:47**

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 09.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 39110(10/POC-006132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para suspender o Programa de recollida de plástico agrícola, así como a comunicación desta medida aos concellos de xeito oficial

*Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/10/2018 17:22  
Nº Rexistro: 39110  
Data envío: 18/10/2018 17:22:10.855

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

O uso de plásticos agrícolas en forma de bolsas, recubrimentos de bolos, lonas de illamento do silos de herba ou millo, invernadoiros, e un longo etcétera, fai que se xere unha grande cantidade de residuos deste material, que ata non hai moitos anos “adornaban” espazos de monte, ríos e regatos do noso rural, ou eran queimados de forma incontrolada, xa que a súa xestión non estaba organizada.

Algúns concellos con explotacións gandeiras, sendo conscientes dos problemas que estaban a producir estes plásticos, optaron por montar servizos de recollida e almacenamento.

Ante esta problemática, a Consellería de Medio Ambiente puxo en marcha un Programa de Recollida de Plástico Agrícola co obxecto de facilitarlle ao sector agrogandeiro unha xestión axeitada.

No marco deste programa os concellos encargábanse da recollida dos plásticos nas granxas, e logo unha empresa contratada pola Consellaría apanaba os plásticos de cada concello e os xestionaba reciclándoos mediante un proceso mecánico para logo obter novos plásticos.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/10/2018 17:22**  
**Nº Rexistro: 39110**  
Data envío: 18/10/2018 17:22:10.855

Ora ben, hai uns poucos días saltou a alarma de xeito extraoficial e feitas unhas primeiras consultas, fontes xeralmente ben informadas confirmáronnos que a Xunta de Galicia tería a intención de abandonar o Programa e polo tanto deixar de financiar a recolla dos plásticos agrícolas.

Se isto é así estaríamos diante dun serio problema que xeraría unha cadea de prexuízos considerables no rural:

- No mellor dos casos a xestión deste residuo suporía un aumento nos custos de produción das explotacións gandeiras, que xa están demasiado axustados.
- Aumento da presenza deste residuo en nas ribeiras de ríos e regatos, ou nos montes, cun dano medioambiental e paisaxístico considerable.
- Problemas para os concellos, algúns dos cales xa teñen nestes momentos acopiadas máis de 300 Tm deste residuo e que non saberían que facer con eles, pois non é un tipo de residuo de competencia municipal
- As empresas galegas que viñan facendo a recollida quedan sen o marco do programa, co conseguinte atranco económico.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Desapareceron as causas que motivaban o problema da xestión dos plásticos agrícolas en Galicia?
- Se non é así, cales son entón as razóns para suspender o Programa de





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/10/2018 17:22  
Nº Rexistro: 39110  
Data envío: 18/10/2018 17:22:10.855

Recollida de Plástico Agrícola?

- Avisouse oficialmente aos concellos, dado que son parte implicada e necesaria para a boa xestión deste tipo de residuos, da supresión deste programa?

- Esta medida –a supresión do programa- está inserida na pretendida política da Xunta de Galicia de “apoio” ao medio rural? E da economía circular?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 17:18:59**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 17:19:03**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/10/2018 17:22**  
**Nº Rexistro: 39110**  
Data envío: 18/10/2018 17:22:10.855

**Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 17:19:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 17:19:06**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 17:19:07**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 17:19:09**

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 09.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 39223(10/POC-006151)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre os datos referidos ás axudas concedidas pola Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para proxectos de investimento en actividades non agrícolas

*Publicación da iniciativa, 378, 31.10.2018*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/10/2018 12:42  
Nº Rexistro: 39223  
Data envío: 22/10/2018 12:42:40.621

### Á Mesa do Parlamento

**Carlos Gómez Salgado, Moisés Blanco Paradelo, Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Miguel Prado Patiño, Rosa Oubiña Solla e Jacobo Moreira Ferro,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía de Galicia, a nosa aposta polo medio rural tiña un eixo fundamental: “Acadar a mellora das condicións de vida no medio rural no seu conxunto, abarcando tanto a mellora de infraestruturas e a dotación de servizos básicos, como a axuda á diversificación cara a actividades non agrarias que fagan do rural unha oportunidade de futuro, tanto para aqueles que queiran establecerse como para aqueles que queiran continuar coa súa vida nel”.

En cumprimento dese compromiso electoral, a Consellería do Medio Rural a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) vén de resolver en xuño a convocatoria de axudas a proxectos de investimento en actividades non agrícolas. Esta liña de axuda, que medrou un 27,60% con respecto ao ano pasado, ascende aos 3.726.055 millóns de euros e irá dirixida a pequenas empresas que desenvolvan a súa actividade no rural galego.

Así, nesta convocatoria beneficiaranse empresas que buscan ampliar ou modernizar a súa ocupación por medio da adquisición de maquinaria e equipamento e mellorar así o seu proceso produtivo.

Por provincias as subvencións repartiranse de forma equitativa: 26 empresas na Coruña, 26 en Lugo, outras 26 de Ourense e 37 en Pontevedra. Os seus proxectos suporán un importen inducido no agro galego superior aos 8,2 millóns de euros.

Este gasto suporá un estímulo para xerar emprego nas áreas rurais.

De feito, a previsión é que se creen 96 novos postos de traballo, dos cales 40 estarían ocupados por persoas pertencentes aos colectivos con maior dificultade á hora de atopar traballo: mulleres, menores de 25 anos, desempregados con máis de 55 anos ou persoas con diversidade funcional. Así mesmo, a liña contribuirá a consolidar preto de 1.000 empregos nas empresas beneficiarias.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/10/2018 12:42**  
**Nº Rexistro: 39223**  
Data envío: 22/10/2018 12:42:40.621

O prazo final de execución e xustificación rematará o 29 de xuño do 2019. As persoas e entidades beneficiarias deberán xustificar parcialmente os investimentos correspondentes á anualidade 2018 antes do 17 de setembro deste ano.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance dos proxectos non agrarios radicados no medio rural, a tipoloxía das actuacións, o grado de posta en marcha dos mesmos, e execución das axudas?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Gómez Salgado na data 22/10/2018 12:39:57**

**Moisés Blanco Paradelo na data 22/10/2018 12:40:24**

**Daniel Vega Pérez na data 22/10/2018 12:40:32**

**Raquel Arias Rodríguez na data 22/10/2018 12:40:40**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 22/10/2018 12:40:47**

**Rosa Oubiña Solla na data 22/10/2018 12:40:55**

**Jacobo Moreira Ferro na data 22/10/2018 12:41:02**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 09.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 39285(10/POC-006157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a situación actual do convenio asinado pola Xunta de Galicia coa empresa encargada da recollida de plásticos agrícolas e as medidas previstas para a súa eliminación no caso de que non se renove ese convenio

*Publicación da iniciativa, 378, 31.10.2018*



## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Os materiais plásticos atópanse presentes en moi diversos ámbitos da actividade agrícola e gandeira, como por exemplo o proceso de ensilado, o manexo de cultivos hortícolas, froiteiros, flores e ornamentais en invernadoiros, etc.

Os problemas ambientais derivados da xeración de residuos de plástico supoñen un grave problema para a natureza, provocan un deterioro progresivo e acumulativo da contorna, ademais do impacto paisaxístico derivado da proliferación de puntos de abandono destes plásticos.

Para atallar este problema, a Xunta de Galicia puxo en marcha o Plan de xestión de residuos agrarios de Galicia, co fin de xestionar adecuadamente os residuos xerados nas actividades do sector da agricultura, gandería, etc.

Os agricultores e gandeiros teñen que depositar os seus plásticos agrícolas no punto limpo ou lugar indicado por cada concello a tal efecto. Unha vez que o punto ten unha acumulación de plásticos importante, o concello ponse en contacto coa empresa de recollida para que proceda a retiralo. Mais danse casos nos que o proceso de recollida é deficiente, Porén, ante as queixas que están a poñer de manifesto algúns concellos, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Cal é a situación actual do convenio entre Xunta de Galicia e a empresa de recollida de plásticos agrícolas?

2ª. No caso de non renovar o convenio entre a Xunta de Galicia e a empresa de recollida de plásticos agrícolas, que medidas ten previstas adoptar para a súa eliminación?



Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/10/2018 12:44:35**

**Raúl Fernández Fernández na data 23/10/2018 12:44:44**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 23/10/2018 12:44:51**